

SONS"09
da diversidade
10

COMPOSTELACULTURA

AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

www.compostelacultura.org
<http://sons.compostelacultura.org>

[XAPÓN]

RYUICHI SAKAMOTO

Playing the Piano

13 DE NOVIEMBRE | 21.00 h
AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Entrada: 20 € | Menores de 25 anos e xubilados: 10 €

O equilibrio perfecto entre acústico e electrónico

O artista xaponés actúa só por primeira vez desde 2000, unha ocasión única para captar a esencia da súa carreira neste momento, na que mestura con mestría o acústico co electrónico. Sakamoto buscou sempre a ruptura das barreiras entre a música e a tecnoloxía. Experimentou con xéneros tan diversos como o pop e a música sinfónica. Membro fundador do mítico grupo Yellow Magic Orchestra (YMO), compuxo bandas sonoras para dezaioito películas, entre as que destacan *Benviño Mr. Lawrence*, *O Último Emperador*, coa que obtivo un Óscar e un Grammy, *O Ceo Protector* e, ultimamente, *Femme Fatale* de Brian DePalma.

O son mestizo da integración

A Orquestra Árabe de Barcelona recolle os sons mestizos do Mediterráneo para falarlle da cultura árabe a unha sociedade que con frecuencia a identifica con terrorismo, violencia e radicalidade. Baixo a dirección de Mohamed Soulimane, oito músicos consagrados cociñan unha rica mestura musical, que parte da tradición marroquí e bebe das fontes máis diversas. O Maktub da OAB é un traballo moi elaborado, cargado de sabores, palabras e sentidos árabes, cargado do son mestizo da tolerancia e da integración.

[MARROCOS / CATALUÑA]

ORQUESTRA ÁRABE DE BARCELONA

Maktub

12 DE DECEMBRO | 21.00 h
AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Entrada: 15 € | Menores de 25 anos e xubilados: 7,5 €

On Tour
CATALAN!
MUSIC

[GALIZA]

SUMRRÁ 4.o.

Jazz de vangarda, forza e dramatismo

Sumrrá é o trío que forman Xacobe Martínez Antelo, Manuel Gutiérrez e LAR Legido. A súa proposta artística parte do jazz europeo de vangarda e toma elementos do pop, o rock ou o folque, para poñelos ao servizo da improvisación e do xogo. Co seu cuarto disco, Sumrrá supera os límites do jazz e establece unha comunicación xenuína e directa co espectador. 4.o é unha proposta honesta, boa música feita por bos músicos. 4.o é jazz de vangarda, forza e dramatismo.

23 DE XANEIRO | 21.00 h
AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Entrada: 15 € | Menores de 25 anos e xubilados: 7,5 €

27 DE FEBREIRO | 21.00 h
AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Entrada: 15 € | Menores de 25 anos e xubilados: 7,5 €

Melodías tecidas pola emoción

Rodrigo Leão, Texturas melancólicas marca da casa arroupan as emocións propias e alleas que o recoñecido compositor portugués foi recollendo nas súas viaxes polo mundo, coas que tece melodías nas que mestura unha certa sensibilidade coa exquisita sofisticación nos arranxos que caracteriza os seus traballos. Rodrigo Leão, fundador de Madredeus e de Sétima Legião, achéganos un directo emocionante no que cancións novas se cruzan con vellos coñecidos do seu repertorio no nobelo das melodías tecidas pola emoción.

[PORTUGAL]

RODRIGO LEÃO

A Mãe

[GALICIA]

ROI CASAL

Lendas douradas

13 DE MARZO | 21.00 h

AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entrada: 15 € | Menores de 25 anos e xubilados: 7,5 €

Música tradicional con aires pop-folk

Roi Casal redefine a música tradicional galega dándolles aos sons da zanfona e da arpa celta matices pop do século XXI. *Lendas douradas*, o primeiro traballo en solitario do que fora durante case unha década arpista de Milladoiro, revisita a música e a literatura tradicionais a través dunha instrumentación contemporánea. Unha aposta persoal con arranxos que se deixan levar polas influencias do rock e do pop para darlle forza e bríos novos a unha cultura e a un idioma antigos.

O rei do afrobeat

O fillo do mítico líder nixeriano Fela Anikulapo Kuti presenta o seu primeiro álbum de estudo en 7 anos, *Day by Day*. O seu esperadísimo novo álbum é máis jazzístico que nada do que Femi teña feito antes. O rei do afrobeat volve máis optimista e entusiasta que nunca, cun traballo que nos devolve aos días de gloria das grandes bandas de Nixeria e que, ademais, amplía a paleta ao jazz, o aire de mensaxes perdidas de Marvin Gaye ou Curtis Mayfield e os ecos fantasmais das cancións dos traballadores do primeiro século XX. Un novo clásico do rei do afrobeat. Un novo clásico de Femi Kuti.

[NIXERIA]

FEMI KUTI

Day by Day

24 DE ABRIL | 21.00 h

AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entrada: 20 € | Menores de 25 anos e xubilados: 10 €

[FRANCIA]

BENJAMIN BIOLAY

La superbe

A cara máis rockeira da chanson

La Superbe é un dobre disco épico. O cautivador quinto álbum de Benjamin Biolay é unha ópera urbana que fala de política, de amores novos e de amores perdidos. Un traballo feito co máis sereno e delicioso abandono, cheo de crescendos dramáticos e refinados arranxos de corda, que transmite o sentimento melancólico do seu autor. Xunto con Air, Daft Punk e Phoenix, Benjamin Biolay é, sen dúbida, un dos protagonistas da escena musical francesa da última década e a súa última proposta, *La Superbe*, é unha viaxe en compartimento de luxo ao París de Etienne Daho, Bashung, Gainsbourg e Michel Legrand.

9 DE MAIO | 21.00 h

AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entrada: 20 € | Menores de 25 anos e xubilados: 10 €

Paisaxes sonoras que descubren sentimentos

Meredith Monk é unha compositora, cantante, coreógrafa, autora de nova ópera e directora de películas e instalacións. Unha artista complexa, pioneira da chamada técnica vocal estendida, que formou o Vocal Ensemble en 1978 para ampliar as texturas e as formas da súa música e que, dende aquela, leva realizado unha decena de gravacións e percorrido os escenarios máis importantes do mundo, influíndo en artistas de sona como Laurie Anderson ou Björk.

[ESTADOS UNIDOS]

MEREDITH MONK

Vocal Ensemble Quartet

19 DE XUÑO | 21.00 h

AUDITORIO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entrada: 15 € | Menores de 25 anos e xubilados: 7,5 €

Organiza


CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais

Patrocina


CONSORCIO DE SANTIAGO


DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Colabora


LITÓNOR

VENDA DE ABONOS

no despacho de billetes do Auditorio de Galicia os días 4, 5, 6 e 7 de novembro de 12.00 a 14.00h e de 17.00 a 20.00h. Prezo do Abono para os 8 concertos [15% de desconto]: 114,75 € Abono especial para menores de 25 anos e xubilados co 50% de desconto: 67,5 €

VENDA ANTICIPADA:

www.caixagalicia.es: 24 horas do día.

902 434 443 até 24 horas antes de cada concerto, de 8.00 a 22.00 h de luns a venres, sábados de 9.00 a 14.00 h, domingos e festivos, pechado.

* No despacho de billetes do Auditorio de Galicia: a víspera e o día do concerto, de 12.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.00 h, ou por teléfono, baixo a forma de pago por tarxeta, e poderán ser retiradas ata media hora antes de comezar o concerto.

venta de entradas
902.43.44.43
www.caixagalicia.es
